

PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN E INCENTIVACIÓN DO CONSUMO NOS COMERCIOS RETALLISTAS A TRAVÉS DOS BONOS ACTIVA COMERCIO.

Usuarios bonos

Obxectivos: incentivar a demanda comercial axudando economicamente ás persoas consumidoras e fomentar o consumo

Usuarios dos bonos: persoas físicas maiores de idade residentes en Galicia.

Vendas subvencionadas: as realizadas no prazo de 3 meses contados dende o 3 de maio. (art. 17 das bases)

Importe: bono desconto por un valor de 30 € para compras nos comercios adheridos.

O importe do mesmo irase reducindo ata o seu esgotamento, en función da compra e de acordó cos seguintes criterios:

- Desconto 5 € → compras entre 30 e 49 €
- Desconto 10 € → compras iguais ou superiores a 50 €

(Teñen a consideración de subvencións a fondo perdido non reintegrables).

Presentación da solicitude dos bonos polos usuarios:

- darse de alta na web <https://www.bonosactivacomercio.gal> e indicar os datos solicitados (artigo 12 das bases)
- opcionalmente, o bono poderase solicitar presencialmente na Dirección Xeral de Comercio e Consumo e nas xefaturas territoriais da vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Sistema de funcionamento dos bonos:

A descarga do bono pola persoa usuaria realizarase na web <https://bonosactivacomercio.gal> e nese momento entenderase preconcedida a axuda. O bono terá formato dixital a través dun código QR e estará dispoñible para a súa utilización na APP Wallet.

Para trocar os bonos e facer efectivos os descontos aos consumidores e usuarios o comerciante terá que descargar no seu móbil a APP correspondente.

Validez dos bonos: 3 meses (ata 3 de agosto), salvo esgotamento do saldo

COMERCIANTE.

ALTA E REQUISITOS DOS COMERCIANTES PARA A ADHESIÓN AO PROGRAMA:

Deberán rexistrarse a través da web <https://www.bonosactivacomercio.gal> indicando a información solicitada (art. 10 das bases)

Prazo adhesión: un mes (ata o 14 de maio de 2021)

Requisitos dos comercios que se poden adherir:

1. Que desenvolvan actividade en Galicia
2. Que sexan persoas empresarias autónomas ou pequenas e medianas empresas
3. Que estean dados de alta nalgún dos epígrafes do IAE recollidos no anexo I das bases (enlace ao anexo I)

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210414/AnuncioG0596-090421-0001_gl.pdf